

ORDENANZA FISCAL Nº 3

Ordenanza Fiscal Reguladora do **Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica**

Artigo 1º. -

As cotas tributarias do imposto sobre vehículos de tracción mecánica serán as resultantes de aplicar un coeficiente de incremento do 1,662 ás cotas establecidas no artigo 95.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, é dicir:

1.- Turismos:

- 1.1.- De menos de 8 C.V.F., 20,97 euros.
- 1.2.- De 8 ata 11,99 C.V.F., 56,64 euros.
- 1.3.- De 12 ata 15,99 C.V.F., 119,56 euros.
- 1.4.- De 16 ata 19,99 C.V.F., 148,93 euros.
- 1.5.- De 20 C.V.F. en adiante, 186,14 euros.

2.- Autobuses:

- 2.1.- De menos de 21 prazas, 138,44 euros.
- 2.2.- De 21 a 50 prazas, 197,18 euros.
- 2.3.- De máis de 50 prazas, 246,47 euros.

3.- Camións:

- 3.1.- De menos de 1.000 Kgs. de carga útil, 70,27 euros.
- 3.2.- De 1.000 a 2.999 Kgs. de carga útil, 138,44 euros.
- 3.3.- De máis de 2.999 a 9.999 Kgs. de carga útil, 197,18 euros.
- 3.4.- De máis de 9.999 Kgs. de carga útil, 246,47 euros.

4.- Tractores:

- 4.1.- De menos de 16 C.V.F., 29,37 euros.
- 4.2.- De 16 a 25 C.V.F., 46,15 euros.
- 4.3.- De máis de 25 C.V.F., 138,44 euros.

5.- Remolques e semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:

- 5.1 - De menos de 1.000 e máis de 750 Kgs. de carga útil, 29,37 euros.
- 5.2 - De 1.000 a 2.999 Kgs. de carga útil, 46,15 euros.
- 5.3 - De máis de 2.999 Kgs. de carga útil, 138,44 euros.

6.- Outros vehículos:

- 6.1 - Ciclomotores, 7,35 euros.
- 6.2 - Motocicletas ata 125 cc., 7,35 euros.
- 6.3 - Motocicletas de máis de 125 cc. ata 250 cc., 12,58 euros.
- 6.4 - Motocicletas de máis de 250 cc. ata 500 cc., 25,18 euros.
- 6.5 - Motocicletas de máis de 500 cc. ata 1.000 cc., 50,34 euros.
- 6.6 - Motocicletas de máis de 1.000 cc., 100,68 euros.

Artigo 2º. – Exencións e bonificacións.

1. Estarán exentos do imposto os vehículos para persoas de mobilidade reducida a que se refire o apartado A do anexo II do Regulamento xeral de vehículos, aprobado por Real decreto 2.822/1988, de 23 de decembro. Así mesmo, están exentos os vehículos matriculados a nome de minusválidos para o seu uso exclusivo. Esta exención aplicarase mentres se manteñan ditas circunstancias, tanto ós vehículos conducidos por persoas con discapacidade como ós destinados ó seu transporte. Para os efectos do disposto neste parágrafo, consideraranse persoas con minusvalía quen posúa esta condición legal en grao igual ou superior ó 33 por cento.

Para poder obter a presente exención, os interesados deberán instar a súa concesión indicando as características do vehículo, a súa matrícula e a causa do beneficio e acreditar, mediante a presentación da documentación na que consten, a realidade do alegado. A notificación na que se resolva a concesión da exención servirá de documento acreditativo da súa existencia. Xunto coa petición de exención, os interesados deberán achegar a seguinte documentación:

Vehículos conducidos por persoas con discapacidade:

Certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería de Asuntos Sociais no que conste o grao e a clase de discapacidade padecida.

Permiso de conducción (anverso e reverso)

Permiso de circulación a nome do minusválido.

Póliza do seguro do vehículo na que figure o conductor habitual do mesmo.

Fotocopia do DNI

Ficha técnica do vehículo.

Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

Vehículos destinados ó transporte de minusválidos:

Certificado do grao de minusvalía expedido pola Consellería de Asuntos Sociais, no que conste ademais do grao de minusvalía, se o minusválido ten necesidade de asistencia de

terceiras persoas e se ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización do transporte colectivo.

Permiso de circulación a nome do minusválido.

Póliza do seguro do vehículo.

Fotocopia do D.N.I. do minusválido e do conductor habitual do vehículo.

Ficha técnica do vehículo.

Declaración de uso exclusivo do vehículo para o transporte do beneficiario da exención.

As exencións que no seu caso se concedan en calquera dos dous casos non serán aplicables ós suxeitos pasivos beneficiarios das mesmas por máis dun vehículo simultaneamente.

Non se considerará que o vehículo é para uso exclusivo do minusválido e polo tanto non se entenderá xustificado o destino de dito vehículo, cando do certificado expedido pola Consellería de Asuntos Sociais non se deduza que o minusválido ten dificultades graves de mobilidade que lle impidan a utilización do transporte colectivo.

2. Os vehículos históricos e todos aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vintecinco anos, contados a partir da data da súa fabricación, ou se esta non se coñecera, tomando como tal a da súa primeira matriculación ou, no seu defecto, a data en que o correspondente tipo ou variante deixouse de fabricar, disfrutarán dunha bonificación do 100 por cento da cota incrementada do imposto. O petionario deberá xustificar ó atoparse ó corrente do pago do imposto mediante a exhibición dos recibos dos últimos catro exercicios, ou certificado equivalente.

3. Os vehículos que non utilicen carburantes fósiles disfrutarán dunha bonificación do 50 por cento da cota incrementada do imposto. Esta bonificación terá carácter rogado e concederáse, no seu caso, expresamente, ós suxeitos pasivos que o soliciten, debendo aportar coa solicitude a ficha técnica do vehículo que acredite o tipo de combustible empregado.

4. Gozarán dunha bonificación do 75 por cento do imposto durante dous anos todos aqueles vehículos que non teñan catalizador homologado e que o instalen.

Estas bonificacións terán carácter rogado; os suxeitos pasivos deberán solicitar do concello, ou entidade na que delegue, a bonificación correspondente, antes do 31 de decembro do ano anterior, indicando as características do vehículo e a causa do beneficio, así mesmo deberá xustificar non ter débedas en relación co imposto, mediante a exhibición dos recibos dos catro últimos exercicios ou certificado equivalente.